

Buenos Aires 28-5-65

Querido Tobío:

Eu saio o día ~~B~~ 12 do mes que ven no "Monte Udala" que chegará a Vigo arredor das festas de San Pedro (coido que son o 28 de xunio). O barco é de Aznar e ~~vai~~ o seu axente é Fernando Conde.y Cia. Plaza de Compostela 1. Alí saberán se hai atraso ou adianto.


Fixen a xestión que me encomendaches no Centro Galego e xa diron orde a Paco Del Riego que che entregase os cartos.

Este primeiro viaxe de esporación fágoo soio. Mariví fica eiquí atendendo as cousas comerciais.

Levo unha chea de cousas pra facer no que toca a literatura, xestións económicas miñas e da familia, e como non teño mais que tres meses entre permanencia e viaxe, hei axustar ben as labores. En Madrí, precisamente, está pendente o asunto de responsabilidades políticas de meu sogro e, con el a entrega de unha cantidade de pesetas que os tíos de Mariví teñen retidas. Confío en que me poidas ourentar.

Vou parar na casa de meu irmán José Manuel. Augusto G. Besada 6. Pontevedra. Podes escribirme alí.

Unha forte aperta pra todos vós

  
En Madrí estarei na casa de meu irmán Rafael Calvo 11